



Problema227: Razona como termina a configuración electrónica: a) do elemento do período 5 e do grupo 11 b) do elemento do período 4 e do grupo 15. Sen usar a táboa periódica.



a) Hai tres zonas na táboa anterior, a zona s, con dous grupos, tantos como electróns caben no orbital s; a zona d, con dez grupos, tantos como electróns caben nos orbitais d e a zona p, con seis grupos, tantos como electróns caben nos orbitais p.

Se un elemento está no grupo 11, terá 2 electróns no orbital s e 9 electróns nos orbitais d. Será un metal de transición.

Se está no período 5 o orbital s é o 5s, e por tanto os orbitais d serán os 4d. A terminación da súa configuración será:



b) Se un elemento está no grupo 15, terá 2 electróns no orbital s, 10 en orbitais d e 3 electróns nos orbitais p. Pertence ao grupo do N.

Se está no período 4 o orbital s é o 4s, e por tanto os orbitais d serán os 3d e os p os 4p. A terminación da súa configuración será:

